


CICLO DE MÚSICA DE CÁMARA



PROGRAMACIÓN 2014 - 2015



www.ourensecultura.com

 Ourense Cultura

 @OurenseCultura

O ciclo Enclave de Cámara esta organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Ourense.

Coordinación técnica | **Anxo F. Saborido**

CONCELLERÍA DE CULTURA
do Concello de Ourense

Auditorio Municipal
Rúa da Canle, 2
988 39 12 90

Señores, señoras,

É para min unha honra volver presentar unha nova tempada de música de cámara na cidade de Ourense. Como ben saben, vimos traballando moi seriamente neste eido, coa intención de ofrecer unha programación de calidade, variada no repertorio e na posta en escena, co firme compromiso de colocar a cidade no mapa. Pensamos que xa o estamos a lograr. Pero non sería posible, evidentemente, sen a súa axuda. Co seu ánimo e coa súa asistencia aos concertos damos forzas para seguir adiante.

Procuramos que esta programación fose variada, tanto no instrumental como nas obras que a compoñen. Excepto no caso dos tres cuartetos (Debussy, Attacca e Bretón) o resto dos concertos serán levados por formacións diferentes (os instrumentos de ambos os dous tríos varían) ou no plano lírico, por cordas distintas (tenor e contratenor). A idea é deixar entrever as diferentes posibilidades musicais.

No programático, facemos un percorrido que vai desde o clasicismo, comezando co "pai" Haydn deica os nosos días (Alberto Iglesias, John Adams,...). A paleta é moi ampla: a música latinoamericana e española na voz de José Manuel Zapata, a integral dos tríos de fruta de Haydn polo De Winnie Trío, a actualidade norteamericana da man do Cuarteto Attacca, a cor de Ravel polo Cuarteto Debussy, etc.

En canto aos intérpretes (de España, EEUU ou Francia), son todos músicos e músicas de ampla experiencia e sólidas carreiras. Solistas como Carlos Mena, Javier Perianes (Premio Nacional de Música), José Manuel Zapata, ou o Cuarteto Attacca (que en febreiro deste ano foi convidado á tempada da Orquestra Nacional de España, para tocar, xunto a esta, obras de Adams) ou o Cuarteto Debussy (que conta cunha gravación de Shostakovich considerada unha referencia) son habituais das tempadas de salas de todo o planeta.

Os músicos españois están ben representados por algúns dos nosos nomes máis internacionais como son Mena, Zapata, e Perianes, ao tempo que a achega galega vén da man do brillante pianista nado na Estrada, Javier Otero Neira que forma trío con músicos das formacións galegas.


En definitiva, unha máis que interesante proposta, que pasa a formar parte da xa ampla proposta cultural da cidade, algo que debe facernos sentir máis orgullosos aínda. Agardamos contar coa súa participación e espero que o programa resulte do seu agrado. Adiante unha nova tempada de música de cámara, adiante o Enclave de Cámara!

Ana Garrido
Concelleira de Cultura

2 o u t u b r o | 2 0 : 3 0 h | 20

C U A R T E T O D E B U S S Y | c u a r t e t o d e c o r d a

Christophe Collette, violín
Marc Vieillefon, violín
Vincent Depreca, viola
Fabrice Bihan, violoncello



Primeiro Grand Prix do concurso internacional de cuartetos de corda de Évian 1993, Victoire de la musique 1996 (mellor formación de música de cámara), o Cuarteto Debussy preséntase desde hai 20 anos nos mellores escenarios do mundo obtendo, cas súas xiras regulares, un recoñecemento profesional incontestable.

Entre os seus valores e compromisos atópanse a curiosidade, sorpresa, renovación, experimentación e o tempo, a atención e transmisión do patrimonio, creando vínculos entre diferentes ámbitos artísticos como danza, teatro ou música contemporánea.

Tamén destaca o compromiso didáctico e pedagóxico, desde talleres e iniciativas divulgativas con colectivos desfavorecidos ata a dirección no Conservatorio de Lyon do ciclo especializado en cuartetos de corda ou a dirección artística do Festival Cordes en Ballade, Ardeche. Con máis de 20 discos, destácanse a integral de Shostakovich ou a súa versión do Réquiem de Mozart, continúan a ampliar a súa discografía, especialmente de música francesa (Bonnal, Debussy, Onslow, Ravel/Fauré, Witkowski, Lekeu).

www.debussystringquartet.com

PROGRAMA

I Parte

- Franz Joseph Haydn (1732-1809)
Cuarteto Op. 33 nº3 en Do Maior 'O paxaro' (20')
Allegro Moderato
Scherzo
Adagio
Rondó Presto

- Dimitri Shostakovich (1906 - 1975)
Cuarteto nº 8 en Do menor, Op. 110. (22')
Largo
Allegro Molto
Allegretto
Largo
Largo

II Parte

- Maurice Ravel (1875-1937)
Cuarteto de cuerdas en Fa maior (30')
Moderato, Très doux
Assez vif, Très rythmé
Très lent
Vif et agité

6 n o v e m b r o | 2 0 : 3 0 h | 20

J O S É M A N U E L Z A P A T A | t e n o r
J U A N F R A N C I S C O P A D I L L A | g u i t a r r a

O granadino José Manuel Zapata é un dos tenores da súa xeración máis recoñecidos a nivel nacional e internacional, sobre todo polas súas interpretacións das óperas de Gioacchino Rossini (1792-1868). Así, tras

debutar profesionalmente na Ópera de Oviedo en 2002, da man do prestixioso director italiano Alberto Zedda, ten actuado en escenarios tan importantes como o Metropolitan Opera House de New York, o Deutsche Oper de Berlin, os parisinos Théâtre du Châtelet e Théâtre des Champs Elysées, o Semper Oper de Dresden, o vienés Theater an der Wien ou os do Estado, Teatro Real de Madrid e Liceo de Barcelona. No variado programa que presenta acompañado do guitarrista Juan Francisco Padilla neste concerto, a música española e a hispanamericana entrelázanse, rétanse, murmuran e reflíctense unha na outra.

www.josemanuelzapata.es

www.jfpadilla.com

PROGRAMA

AMERIBERIA

I Parte

- Manuel de Falla (1876-1946)
De Siete canciones populares españolas
El paño moruno
Nana
Jota aragonesa
Danza española núm. 1, de La vida breve (instrumental)
- Joaquín Rodrigo (1901-1999)
Adela.
- Carlos Guastavino (1912-2000)
Se equivocó la paloma
La rosa y el sauce.
- Manuel García (1775 - 1832)
El Riqui Riqui.


II Parte

- Hermeto Pascoal (1936)
Bebe (instrumental)
- Anónimo
A casinha pequenina
- Jayme Ovalle (1894-1955)
Azulao.
- Waldemar Henrique (1905-1995)
Boi-Bumba.
- Chavela Vargas (1919-2012)
Canción de las simples cosas
- Cacho Castaña (1942)
Garganta con arena
- Astor Piazzola (1921-1992)
Libertango (instrumental)
- Alberto Ginastera (1916-1983)
La canción del árbol del olvido.
- Carlos Gardel
Volver.

4 d e c e m b r o | 2 0 : 3 0 h | 2014/15

DE WINNIE TRÍO | pianoforte, violoncello e frauta

Jan De Winnie, frauta travesa
Bernard Wolteche, violoncello
David Aijón, piano forte



Integrado por unha das máis aclamadas figuras da frauta travesa barroca, o belga Jan de Winnie, xunto ao violoncellista David Wolteche e David Aijón en Forte Piano, o trío ofrecerá un programa de Tríos de Haydn. Cada un deles ten unha destacada traxectoria profesional tendo sido membros integrantes ou mesmo fundadores de agrupacións como a Orquestra de Amsterdam Baroque, La Petite Bande, o Collegium Vocale, il Gardellino, il Musici di San Cassiano, e o Collegium Ad Mosam. Tocaron en festivais e salas internacionais tales como o Festival de Aix na Provence, Festival Baroque de Sablé, Festival Baroque de Perigrod, Teatro III do Escorial, o Auditorio Manuel de Falla, Festival Internacional de Música e Danza de Granada, A Quincena Musical de Donostia entre moitos outros.

PROGRAMA

I Parte

- Franz Joseph Haydn (1732-1809)
Trío en Fa maior Hob. XV:17
- Leopold Kozeluch (1747-1818)
Sonata en trío Op. 41/3 en Sol maior

II Parte

- Franz Danzi (1763-1826)
Dúo frauta e violoncello. Op. 64/3 en Sol maior
- Franz Joseph Haydn (1732-1809)
Trío en Re maior Hob. XV:16

8 x a n e i r o | 2 0 : 3 0 h | 2014/15

CUARTETO BRETÓN | cuarteto de corda

Anne Marie North, violín
Antonio Cárdenas, violín
Iván Martín, viola
John Stokes, violoncello

O Cuarteto Bretón nace en 2003 compartindo a necesidade de difundir cuartetos españois, destacando compositores como Ernesto e Rodolfo Halffter, Guridi, Bautista, García Leóz, Turina, sen descoidar o gran repertorio para cuartetos.

O Cuarteto Bretón tocou nas salas e citas máis importantes do Estado, Audit. Nacional, Fund. March, Audit. Reina Sofía, Fest. Música Antigua Aranjuez, Sem. de Música Relixiosa de Cuenca, Fest. de Música Española de León... etc. Tamén internacionais como Festival de Cordes en Ballade, de Cuartetos de Luberon, Sendesaal de Bremen.

A súa discografía inclúe as integrais de R. Halffter e J. Guridi, Cuartetos de Tomás Bretón (NAXOS), Alfredo Aracil (Verso), Quintetos con piano do Padre Soler con Rosa Torres Pardo (Columna) e Música de Cámara de Juan José Colomer (Instituto Cervantes).

www.bretonstringquartet.wordpress.com

PROGRAMA

I Parte

- Dimitri Shostakovich (1906 - 1975)
Cuarteto n.º 10 en La bemol Maior, Op. 118
Andante
Allegretto ofurioso
Adagio
Allegretto-Andante

- W. A. Mozart (1756 - 1791)
Cuarteto n.º 19 en Do Maior, KV. 465, "Disonancias"
Adagio. Allegro
Andante cantabile
Menuetto. Allegro
Allegro

II Parte

- Antonin Dvorák (1842 - 1904)
Cuarteto n.º 12 en Fa Maior, Op. 96, B 179
Allegro ma non troppo
Lento
Molto vivace
Vivace ma non troppo

Con axuda de:



5 febrero | 20:30h | 2014/15

JAVIER PERIANES | piano

O clamor entusiasta da crítica e da audiencia confirma o estatus de Javier Perianes como un dos artistas españois máis destacados do panorama concertístico actual.

Javier Perianes, recente "Premio Nacional de Música 2012", actuou en prestixiosas series de concertos en todo o mundo, incluíndo o Carnegie Hall de Nova York, Concertgebouw de Ámsterdam, Royal Festival Hall, Barbican e Wigmore Hall de Londres, Suntory Hall de Toquio e o Teatro dos Campos Eliseos de París. Así mesmo colaborou con prestixiosos directores como Barenboim, Frühbeck de Burgos, Mehta, López Cobos, Pons, Mena, Tilson Thomas, Harding, Temirkanov e Maazel, entre outros.

Os seus proxectos discográficos con Harmonia mundi foron recibidos de maneira entusiasta pola crítica internacional. Entre eles inclúense os *Impromptus* e *Klavierstücke* de Schubert, sonatas para teclado de Manuel Blasco de Nebra, *Música Callada* de Mompou, a música para piano de Manuel de Falla xunto a *Noches en los Jardines de España* coa BBC Symphony e Josep Pons (nominado aos Grammy Latinos), *Moto perpetuo*, un CD dedicado a sonatas de Beethoven e ... *les sons et les parfums*, con obras de Chopin e Debussy. O seu último traballo discográfico está dedicado ás obras para piano de Mendelssohn.

Compromisos durante esta temporada 14/15 inclúen actuacións coa Orchestre de París, Copenhagen Philharmonic, BBC Symphony, BBC Philharmonic, City of Birmingham, San Francisco Symphony, Orchestre de Lión, Atlanta Symphony, Sinfónica de São Paulo, Filharmónico de San Petersburgo ... así como recitais, Madrid, Xenebra, Ravinia Festival, Marsella, San Petersburgo, Rio de Janeiro...

www.javierperianes.com


PROGRAMA

I Parte

- Franz Peter Schubert (1797-1828),
Allegretto D915.
Sonata D 960 en Si bemol Maior

II Parte

- Claude Debussy (1862-1918)
Preludios (selección)
- Manuel de Falla (1876-1946),
Fantasía Baetica



9 abril | 20:30h | 2014/15

CUARTETO ATTACCA | cuarteto de corda

Amy Schroeder, violín
Keiko Tokunaga, violín
Luke Fleming, viola
Andrew Yee, violoncello

O Cuarteto Attacca é unha das formacións de cámara emerxentes máis destacadas dos Estados Unidos, sendo desde maio de 2014 o novo cuarteto residente do Metropolitan Museum of Art de Nova York.

Formados na Julliard School of Music o seu debut é no 2007 como parte da prestixiosa Artists Internacional Winners Concert Series no Weill Recital Hall (Carnegie Hall), onde tocan desde entón con regularidade.

Entre os numerosos premios que lle outorgan o recoñecemento internacional inclúense a 7ª Edición da Osaka International Chamber Music Competition e o Premio Listener's Choice da Melbourne International Chamber Music Competition, no 2011 ou o "Grand Prize" na 60 Edición da Annual Coleman Chamber Ensemble Competition no 2006. Tamén galardoados coa Clubs Centennial Cámara Music Award da Federación Nacional de Música no 2011, o Arthur Foote da Asociación Musical de Harvard e o Lotos Price in the Arts.

2013-2014 marca a súa 4ª tempada da "A 68" interpretando os 68 cuartetos de corda de Haydn nunha serie especial creada por eles mesmos en Nova York. No 2014 tocaron na programación "Carta Blanca a John Adams" do Ciclo Sinfónico Orquesta Nacional de España, e un recital de cuartetos de John Adams no Ciclo Satélite da orquesta.

www.attaccaquartet.com

PROGRAMA

I Parte

- L. V. Beethoven (1770-1827)
Cuarteto en Fa Maior, Op. 18 no. 1.
Allegro con brio
Adagio affettuoso ed appassionato
Scherzo - Allegro molto
Allegro

- Jonh Coolidge Adams (1947)
Selección do "Book of Alleged Dances" (1994).
Toot Nipple
Stubble Crotchet
Pavane: She's so Fine
Alligator Escalator
Finale del Cuarteto de Cuerdas (2008)


II Parte

- Leo Eugen Janáček (1854-1928)
Cuarteto n.º 2 "Cartas íntimas"
Andante - Con moto - Allegro
Adagio - Vivace
Moderato - Andante - Adagio
Allegro - Andante - Adagio

7 m a i o | 2 0 : 3 0 h | 2014/15

TRÍO JAVIER OTERO NEIRA, HUMBERTO ARMAS E THOMAS PIEL

Javier Otero Neira, piano
Humberto Armas, viola
Mikolaj Konopelski, violoncello



Javier Otero, Humberto Armas e Thomas Piel, son músicos novos pero de carreiras artísticas veteranas. Galicia, Venezuela e Alemaña converxen nesta formación camerística unindo enerxía, traballo e rigor artístico. A súa primeira actuación, integramente con obras de Brahms, atraeu o público pola súa frescura e a súa calidade interpretativa.

Javier Otero, pianista galego de proxección internacional, vén de realizar dous concertos no Instituto Cervantes de Toquio, cun programa íntegro de compositores galegos, e o 21 de xuño de 2014, Día Europeo da Música, estreou a obra "Auga Doce" de Juan Durán coa Real Filharmonía de Galicia.

Humberto Armas, viola venezolano formado na Escola Superior Reina Sofía, é o director artístico da Orquesta en el Tejado, na que interpretan diferentes programas acompañando ao violinista Ara Malikian. Ademais, é frecuente a súa colaboración con orquestras nacionais e internacionais.

Mikolaj Konopelski, violonchelista polaco, forma parte cadro da Orquesta Sinfónica de Madrid, titular do Teatro Real. Diploma cum laude na Universidade Fryderyk Chopin de Varsovia, gañador en concursos nacionais e internacionais.

PROGRAMA

I Parte

•Frédéric Chopin (1810-1849)
Trío para violín, violoncello e piano op.8
(versión viola)
Allegro con fuoco
Scherzo
Adagio sostenuto
Finale: *Allegretto*

II Parte

•Johannes Brahms (1833-1897)
Trío para violín, violoncello e piano op.114
Allegro
Adagio
Andantino grazioso
Allegro

4 x u ñ o | 2 0 : 3 0 h | 2014/15

C A R L O S M E N A | contratenor
SUSANA GARCÍA DE SALAZAR | piano

Carlos Mena estudou na prestixiosa Schola Cantorum Basiliensis (SCB) en Basilea (Suiza) baixo a supervisión dos seus mestres R. Levitt e R.Jacobs. Ten actuado na Berliner Philharmoniker, Teatro Colón de Bos Aires, Kennedy Center en Washington, Opera City Hall en Toquio, Sydney Opera House.

Cantou o papel principal da ópera "Radamisto" de Haendel no Festival de Salzburgo, "O soño dunha noite de verán" de Britten (Oberon) no Teatro Real de Madrid, "Ascanio en Alba" de Mozart (Ascanio) no Barbican Center en Londres, "Muerte en Venecia" de Britten no Liceu de Barcelona e "Rinaldo" (Rinaldo) de Haendel no Concertgebouw de Amsterdam.

A súa discografía de preto de 30 CD obtivo premios como o "Diapason d'Or" 2002 "Best CD 2004" de CD Compact, "The Editor's Choice" de Gramophon, entre outros.

Tras estudar co profesor A. Nieto, Susana García de Salazar consegue unha bolsa de estudos pola Musikhochschule de Basilea (Suiza), continuando a súa formación pianística con P. Efler e A. Oetiker. Ademais estuda música de cámara e lied recibindo clases de correpetición con A. Guttman e de cámara con I. Monyghetti.

PROGRAMA

I Parte

- Franz R. Vaughan Williams (1872-1958)
Three songs from Shakespeare: Take, O take; When icicles hang by the wall; Orpheus with his lute.
- Edward Benjamin Britten (1913-1976)
Sonetto XXX "Veggio co' bei vostri occhi un dolce lume".
Sonetto XXXVIII "Rendete a gli occhi miei, o fonte o fiume".
The Sally Gardens.
- Jesús Guridi Vidaola (1886-1961)
Danzas viejas: Tamborcillo de Navidad; Zortziko de dolor;
La carrasquilla.
- Andrés Isasi y Linares (1890-1940)
Paisaje: La madre canta, Anhele, La mona que danza.
- Francisco Ibáñez (1951)
Os miro antes de irme.
- Gabriel Erkoreka (1969)
Azules.
- Francisco Escudero (1912-2002)
Ollo eder bat.

II Parte

- Alberto Iglesias (1955)
Les Chansons Légères: Late Echo, Voyageurs, The Poem that took the Place of a Mountain, La Resistenza e la sua Luce.

PROGRAMACIÓN 2014 - 2015

2 OUT | CUARTETO DEBUSSY
cuarteto de corda

6 NOV | JOSÉ MANUEL ZAPATA | tenor
JUAN FRANCISCO PADILLA | guitarra

4 DEC | DE WINNIE TRÍO | pianoforte, violoncello e frauta

8 XAN | CUARTETO BRETÓN
cuarteto de corda

5 FEB | JAVIER PERIANES | piano

9 ABR | CUARTETO ATTACCA
cuarteto de corda

7 MAI | JAVIER OTERO NEIRA | piano
HUMBERTO ARMAS | viola
MIKOLAJ KONOPELSKI | violoncello

4 XUÑ | CARLOS MENA | contratenor
SUSANA GARCÍA DE SALAZAR | piano

TODOS OS CONCERTOS SON NO TEATRO PRINCIPAL ÁS 20:30 H

Venda de entradas:
Teatro Principal
Rúa da Paz nº 9 | T.988 241 492
www.teatroprincipalourense.com

CICLO DE MÚSICA
Enclave de Cámara
DE CÁMARA DE OURENSE

organiza



Concello de
OURENSE
Cultura

colabora

